

PLAN DE ACTUACIÓN E ORZAMENTO 2022



ÍNDICE

| | |
|---|-----------|
| 1.- INTRODUCCIÓN | 4 |
| 2.- OBXECTIVOS XERAIS | 5 |
| 2.1- POSICIONAMENTO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO MICE E VACACIONAL DO DESTINO VIGO | 5 |
| 2.2.- VIGOFILMOFFICE | 8 |
| 2.3.- CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES A PATRIMONIO DA HUMANIDADE | 8 |
| 3.- VISIÓN ESTRATÉXICA VCB 2022- OBXECTIVOS CONCRETOS | 9 |
| 3.1.- DOSSIER DE ESPAZOS ESTANDARIZADO | 9 |
| 3.2.- SUSTENTABILIDADE E LEGADO | 9 |
| 3.3.- MESAS DE TRABALLO E NETWORKING | 10 |
| 3.4.- COIDADADO DOS PRESCRITORES LOCAIS | 10 |
| 4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN 2022 | 12 |
| 4.1.- FEIRAS E XORNADAS PROFESIONAIS | 12 |
| 4.1.2.- ASISTENCIA A XORNADAS E/OU WORKSHOPS. | 12 |
| 4.1.3.- ASISTENCIA A ASEMBLEAS, CONGRESOS E OUTROS ACTOS DO SECTOR. | 12 |
| 4.2.- ACCIÓNS PROPIAS | 12 |
| 4.2.1.- REUNIÓNS. | 12 |
| 4. 2.2.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS. | 12 |
| 4.3.- OUTRAS LIÑAS DE ACTUACIÓN | 12 |
| 4.3.1.- MEMBRESÍA DO SECTOR MICE. | 12 |
| 4.3.2.- INSTRUMENTOS DE MARKETING. | 12 |
| 4.3.3.- PROMOCIÓN AEROPORTUARIA | 13 |
| 4.3.4.-TRABALLOS INTERDEPARTAMENTAIS | 13 |
| 4.3.5.- OBXECTIVO ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE | 13 |
| 5.- COMPOSICIÓN PADROADO DA FUNDACIÓN VCB EN 2022..... | 15 |
| 6.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2022..... | 16 |



7.- COTAS PATRÓNS 202216

8.- COTAS SOCIOS 2022.....17

9.- DESGLOSE DE ESTIMACIÓN INGRESOS EJERCICIO 202218

10.- DESGLOSE DE ESTIMACIÓN DE GASTOS EJERCICIO 202219

1.- INTRODUCCIÓN

Este Plan de Actuación para o ano 2022 ten como obxectivo xeral recuperar o crecemento do turismo MICE, que se viu especialmente afectado desde marzo de 2020, co inicio da pandemia provocada polo COVID-19, co que aínda seguimos loitando.

2022 será un ano crave para o turismo nacional e internacional. A retirada das restricións de mobilidade, o avance global da vacinación e a rexeneración da confianza nas viaxes debuxan un marco esperanzador, tras uns anos 2020 e 2021 especialmente difíciles para o sector.



En clave nacional, o próximo exercicio será sinónimo de continuidade da recuperación iniciada en 2021, cando o turismo achegou ao Produto Interior Bruto (PIB) 77.200 millóns de euros, segundo datos da Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE).

Tras un 2021 no que as viaxes domésticas impulsaron a melloría do sector, espérase que 2022 sexa a quenda dos internacionais.

A recuperación dos eventos a nivel nacional nos últimos meses marca que as viaxes de reunións, incentivos, conferencias e eventos, é dicir, o turismo de negocios, volverá con forza en 2022. A pesar de que será necesario introducir cambios na forma de traballar ata este momento, o certo é que se augura un importante rexurdir deste segmento turístico e mesmo se prevé que os congresos alcancen cifras pre-pandemia.

O turismo MICE é clave para o sector turístico da cidade de Vigo, polo que o seu relanzamento é vital para apoiar a desestacionalización do turismo na cidade.

Vigo parte con vantaxe respecto a outras cidades xa que conta con sectores que teñen gran capacidade para dinamizar a actividade congresual como son a automoción, o naval ou a industria pesqueira e conserveira. A isto únense

as variadas infraestruturas coas que contamos para a celebración de todo tipo de eventos e a capacidade de presentarnos como un destino seguro, con altísimas taxas de vacinación e con experiencia na aplicación de protocolos sanitarios que ofrecen garantías e que se mostraron eficaces nos máis recentes eventos e reunións.

Ademais, como noutras cidades, a crise da COVID-19 tamén foi percibida como unha oportunidade para gran parte dos espazos MICE de Vigo. A paralización dos eventos programados durante un período de tempo concreto motivou a modernización de instalacións, o cal repercute de forma directa nun aumento da competitividade do sector.

2.- OBXECTIVOS XERAIS

O turismo MICE atópase nun momento clave, a partir do cal todos os axentes sociais participantes na actividade deberán traballar de forma conxunta no camiño cara á recuperación. A Fundación Vigo Convention Bureau debe traballar como aunadora de forzas e coordinadora de novas iniciativas.

A competencia para captar eventos é agora, se cabe, aínda máis forte, polo que é esencial que entre todos ideemos novas estratexias que nos permitan diferenciarnos do resto das cidades e facilitar aos organizadores a celebración dos seus eventos na nosa cidade.

2.1- POSICIONAMENTO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO MICE E VACACIONAL DO DESTINO VIGO

Tras bater todos os récords de turismo no ano 2019, Vigo sufriu coa pandemia, como o resto das cidades, un descenso brutal dos viaxeiros e pernoitas. O 2020 foi un ano nefasto para o turismo. O INE cifrou en 342.778 o número de prazas contratadas en establecementos hostaleiros e turísticos da cidade, nada menos que 605.929 por baixo da cifra alcanzada no 2019.




Practicamente Vigo deixou de rexistrar dous de cada tres pernoitas no ano da pandemia, o que fala en por si das dificultades que atravesaron e seguen encarando os hoteis vigueses.

O ano 2021 mostrou unha **evidente recuperación**. En xullo, Galicia liderou o crecemento do sector e en agosto foi a única que alcanzou rexistros de visitantes superiores á pandemia. A cidade de Vigo rexistrou ata o mes de outubro un total de 224.559 viaxeiros, o que aínda así supón un descenso anual do 36,49% respecto a 2019. Nesta recuperación do turismo vacacional, **Vigo parte con vantaxe** grazas ao seu tamaño medio e non masificado, ademais da enorme oferta de espazos verdes, aos que se une unha magnífica gastronomía.

O turismo de congresos sufriu pola súa banda un esborralle máis acusado que o turismo vacacional en todas as cidades e, por suposto, tamén en Vigo. Durante o ano 2021 celebráronse **61 eventos** (congresos, feiras, xornadas, festivais), unha subida dun 27,08% respecto a os 48 celebrados en 2020 pero aínda moi lonxe dos 197 que tiveron lugar na cidade en 2019.

Estes datos están acordes aos doutras Convention Bureau españolas. Segundo o barómetro recentemente publicado pola Spain Convention Bureau (SCB), con datos achegados por todas as entidades asociadas, no ano 2021 o 54% dos convention realizou menos de 100 eventos no ano, mentres que en 2022 esperan que a tendencia cambie e o 68% dos enquisados prevé alcanzar cifras superiores aos 100 eventos anuais.



Durante o ano 2020 case a metade dos eventos programados tiveron que ser cancelados ou aprazados ou, en moitos casos, convertidos en formato en liña ou híbrido. No ano 2021, en cambio, volveuse a apostar pola presencialidade, aínda que este formato convive coa hibridación, e o sector foi recuperando progresivamente a normalidade. Segundo o barómetro anteriormente citado, o 70% dos enquisados afirma que na súa cidade máis do 75% dos espazos MICE están abertos na actualidade.

Ante esta situación, o obxectivo principal para o próximo ano é articular unha estratexia e **reposicionar a cidade turisticamente**. O mantemento das empresas relacionadas co sector pasa necesariamente pola adopción de medidas de apoio e un programa de reconstrución no que as administracións terán que xogar un papel impulsor da actividade e dinamizar o sector.

Conscientes da feroz competencia que se está xestando entre as cidades para captar eventos, é preciso relanzar o sector con novas iniciativas. Entre elas, destacamos as seguintes:

- Reunions con sectores activos na promoción de eventos na cidade.
- Visitas a OPCs e Sociades Profesionais co obxecto de captar eventos.
- Organización de FamTrips para OPCs nacionais.
- Actualización de guías e dossiers.
- Realización de materiais audiovisuais de presentación de Vigo como destino MICE.
- Promoción dunha liña de subvencións para a celebración de eventos.
- Desenvolvemento doutros incentivos como bonos desconto para congresistas.

A promoción do destino nas aerolíneas é outra das nosas prioridades. Durante o ano 2021 as compañías aéreas han ido aos poucos recuperando os destinos que traballaban antes da pandemia así como o número de frecuencias. O obxectivo no que se traballa nestes momentos, de cara ó 2022, é ampliar a oferta de roteiros, especialmente ao estranxeiro, para o que proximamente se lanzará un **concurso para as aerolíneas**.



Para facer fronte aos novos retos aos que se enfrenta a Fundación, é vital consolidar os nosos socios e patróns, moitos dos cales se viron gravemente

afectados pola situación económica. Só co seu apoio poderemos facer fronte dunha forma unida á complexa situación e á desexable recuperación.

2.2.- VIGOFILMOFFICE

Vigo converteuse, grazas ás súas versátiles localizacións e rico patrimonio natural, histórico e cultural, unido ás facilidades que brinda a administración, nunha das cidades españolas máis atractivas para a rodaxe de todo tipo de



contidos audiovisuais. A Vigo Film Office (VFO) é o servizo que desde fai dez anos o Concello de Vigo, a través de Vigo Convention Bureau, pon ao dispor do sector audiovisual para axudarlle a rodar na nosa cidade as súas producións, desde longametraxes e curtos a series, documentais, anuncios e vídeoclips.

2.3.- CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES A PATRIMONIO DA HUMANIDADE

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 2013 toda unha serie de accións e actividades dirixidas á presentación da candidatura "Illas Cíes-Patrimonio da Humanidade". Desde o inicio este proceso longo e complexo conta coa axuda da Fundación na súa execución mediante a execución de convenios de colaboración co Concello de Vigo.




3.- VISIÓN ESTRATÉGICA VCB 2022- OBXECTIVOS CONCRETOS

Este Plan de Actuación representa:

- Un mecanismo para o promoción económica de Vigo como destino turístico e MICE.
- Un marco de apoio para o desenvolvemento de estratexias, plans e iniciativas en colaboración co Concello e os principais actores do sector.

3.1.- DOSSIER DE ESPAZOS ESTANDARIZADO

Creación dun dossier que aglutine as opcións que Vigo ofrece como destino MICE e que sexa unha ferramenta útil para atraer novos eventos en feiras do sector e outras reunións promocionais. Este dossier, ademais dos espazos congresuais e hoteles con capacidades detalladas, incentivos, etc., deberá incluír unhas taxas fixas que os espazos e hoteles decidan ofrecer aos eventos. Este dossier tamén incluírá as axudas concretas e a colaboración co Concello de Vigo se compromete a ofrecer aos eventos, segundo a súa tipoloxía e número de asistentes.



3.2.- SUSTENTABILIDADE E LEGADO

A sustentabilidade está a converterse nun asunto clave á hora de elixir o destino para celebrar un evento. En Vigo Convention Bureau queremos axudar aos organizadores para minimizar o impacto desde a fase de planificación, facilitando a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Ademais, queremos desenvolver unha listaxe de axentes locais (ONGs, asociación, fundacións) para poder ofrecer aos organizadores a realización de accións positivas vinculadas ao evento e que reporten á cidade un beneficio desde o punto de vista social, ambiental e cultural.



3.3.- MESAS DE TRABAJO E NETWORKING

VCB cre que a recuperación só é posible cun traballo en equipo. Queremos organizar diversas mesas de traballo xunto coa concellería de Turismo para poñer en común as necesidades do sector e poder dar as respostas adecuadas a cada un dos problemas que xurdan. Decidir entre todos as axudas que sería máis urxente articular para lograr unha maior atracción de eventos e as ferramentas necesarias para facelo.



3.4.- COIDADADO DOS PRESCRITORES LOCAIS

A VCB vai reunirse cos prescritores locais máis interesantes da cidade para presentarlles de primeira man a axuda que podemos facilitarlles na organización dos seus eventos e animarlles a traelos á nosa cidade. Nestes momentos de pandemia consideramos que é máis beneficioso priorizar o conseguir atraer máis eventos nacionais, aínda que sexan de menor tamaño, que optar aos internacionais.



LIÑAS DE ACTUACIÓN

2022

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN 2022

4.1.- FEIRAS E XORNADAS PROFESIONAIS

4.1.1.- ASISTENCIA A FEIRAS DO SECTOR.

- FITUR.
- IBTM BARCELONA.



4.1.2.- ASISTENCIA A XORNADAS E/OU WORKSHOPS.

- XORNADAS FORMATIVAS TURISMO MICE.
- XORNADAS FEMP.



4.1.3.- ASISTENCIA A ASEMBLEAS, CONGRESOS E OUTROS ACTOS DO SECTOR.

- GRUPO DE TRABAJO E ASAMBLEA ANUAL SPAIN CONVENTION BUREAU.

4.2.- ACCIÓNS PROPIAS

4.2.1.- REUNIÓNS.

- MESAS DE TRABAJO PERIÓDICAS COS SOCIOS DA VCB

4. 2.2.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

4.3.- OUTRAS LIÑAS DE ACTUACIÓN

4.3.1.- MEMBRESÍA DO SECTOR MICE.

- SCB (Spain Convention Bureau)



4.3.2.- INSTRUMENTOS DE MARKETING.

ONLINE

- RRSS E XESTIÓN DE CONTIDOS VCB E VFO.
- MANTEMENTO DAS WEBS DA VCB E DA VFO.



OFFLINE

- ACTUALIZACIÓN GUÍAS E INFORMES.
- LISTADO DE EVENTOS Y CONGRESOS.
- RENOVACIÓN MATERIAL PROMOCIONAL.



4.3.3.- PROMOCIÓN AEROPORTUARIA

- ELABORACIÓN DE INFORMES ESTADÍSTICOS MENSUAIS E ANUAIS.
- DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA FLY TO VIGO.



4.3.4.-TRABALLOS INTERDEPARTAMENTAIS

- ELABORACIÓN DOSSIERES DE CANDIDATURAS.
- ELABORACIÓN INFORMES ESTADÍSTICOS SOBRE A ACTIVIDADE TURÍSTICA MENSUAIS E ANUAIS.
- SEGUIMIENTO DA ACTIVIDADE MICE DA CIDADE.
- TRAMITACIÓN PERMISOS DE RODAXES.

4.3.5.- OBXECTIVO ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE

- EXECUCIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VCB PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CIES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2022.



COTAS PATRÓNS E SOCIOS

2022

5.- COMPOSICIÓN PADROADO DA FUNDACIÓN VCB EN 2022

CONCELLO DE VIGO

UNIVERSIDADE DE VIGO

CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO

CEP (CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA)

ABANCA

IFEVI (INSTITUTO FEIRAL DE VIGO)

AHOSVI (ASOCIACIÓN DE HOTELES DE VIGO)

FEPROHOS (FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE PONTEVEDRA)

PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO

VIAXES ABRAMAR (REPRESENTACIÓN ENTIDADES COLABORADORAS)



6.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2022

| | |
|---------------------------|--|
| EL CORTE INGLÉS | GALICA.WINE |
| MARVA | ULTRAMARINOS |
| GRUPO RADIO VIGO | AT SERVICIOS |
| ORZÁN CONGRES | EL CORTE INGLÉS |
| B THE TRAVEL BRAND | CATERING EL MOLINO |
| AUTOS GONZÁLEZ | APIT (ASOC. PROFESIONAL GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA) |
| CdeC | CASONA DA TORRE |
| SPICA | GLOBAL EVENTOS |
| AUDIOVISUALES VIGO | LINKIA |
| DIESSEMM | OCEAN SECRETS |
| IMPRIME VERDE | MAR DE ONS |
| HOTEL NAGARI | HOTEL PAZO LOS ESCUDOS |
| VIAJES BIVES TOUR | NURIA CERVERA CHEFS |
| NAVIERA NABIA | HOTEL NH COLLECTION |
| EVENTOS Y SERVICIOS NORTE | RECTORAL DE COBRES |
| HOTEL BAHIA DE VIGO | PEPE VIEIRA |
| ECOVIGO | ALMA MATER |
| PAZO DE CEA | |

7.- COTAS PATRÓNS 2022

| PATRÓNS | COTAS |
|------------------------------------|-----------|
| TURISMO DE VIGO (CONCELLO DE VIGO) | 200.000 € |
| ABANCA | |
| UNIVERSIDADE DE VIGO | 3.000 € |
| IFEVI | |
| CÁMARA COMERCIO | 3.000 € |
| CEP | |
| PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO | 2.000 € |
| AHOSVI | 2.000 € |
| FEPROHOS | 2.000 € |

8.- COTAS SOCIOS 2022

| SOCIOS | COTAS |
|--|---------|
| ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS | |
| PAZOS | 300 € |
| CASAS RURAIS | 300 € |
| HOTEL 5* | 500 € |
| HOTEL 4* | 400 € |
| HOTEL 3* | 300 € |
| HOTEL 2* E HOSTEL | 200 € |
| EMPRESAS E TERMINAIS DE TRANSPORTE | |
| TERRESTRE | 600 € |
| MARÍTIMO | 500 € |
| ESTABLECEMENTOS GASTRONÓMICOS | |
| ESTABLECEMENTOS GASTRONÓMICOS | 300 € |
| CATERING | 400 € |
| CENTROS DE CONVENCIONS E RECINTOS FEIRAIS | |
| CENTROS DE CONVENCIONS E REUNIONS | 700 € |
| ORGANISMOS OFICIAIS | |
| ORGANISMOS OFICIAIS | 1.000 € |
| EMPRESAS DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS | |
| AXENCIAS DE VIAXE E OPC's | 600 € |
| ORGANIZADORES DE EVENTOS | 600 € |
| EMPRESAS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN | 500 € |
| AZAFATAS | 300 € |
| EMPRESAS AUDIOVISUAIS E EQUIPOS TRADUCIÓN | 300 € |
| EMPRESAS DE MONTAXE | 500 € |
| GUÍAS TURÍSTICOS | 300 € |
| TRADUTORES E INTÉRPRETES | 300 € |
| INFORMÁTICA E CONTROL DE ACCESOS | 300 € |
| FOTOGRAFÍA E VÍDEO | 200 € |
| IMPRENTAS | 200 € |
| SEGURIDADE | 300 € |
| CENTROS COMERCIAIS | 900 € |
| AGASALLO E MERCHANDISING | 500 € |
| OUTROS | |
| ESPECTÁCULOS E ANIMACIÓN | 200 € |
| BODEGAS | 200 € |
| APP | 200 € |
| ACTIVIDADES DE LECER | 200 € |
| FREELANCE | 200 € |

9.- DESGLOSE DE ESTIMACIÓN INGRESOS EJERCICIO 2022

| INGRESOS | COTA | 2022 |
|--|-------------|---------------------|
| PATRÓNS | | |
| CONCELLO DE VIGO (TURISMO DE VIGO) | 200.000 € | 200.000 € |
| ABANCA | | |
| UNIVERSIDADE DE VIGO | 3.000 € | 3.000 € |
| IFEVI | | |
| CÁMARA DE COMERCIO | 3.000 € | 3.000 € |
| CEP | | |
| PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO | 2.000 € | 2.000 € |
| AHOSVI | 2.000 € | 2.000 € |
| FEPROHOS | 2.000 € | 2.000 € |
| TOTAL INGRESOS PATRÓNS | | 212.000 € |
| SOCIOS COLABORADORES E OUTRAS ENTIDADES | | 28.000 € |
| TOTAL SOCIOS COLABORADORES E ENTIDADES | | 28.000 € |
| OUTROS INGRESOS | | |
| CONVENIO CÍES 2022 | | 250.000 € |
| TOTAL OUTROS INGRESOS | | 250.000,00 € |
| TOTAL INGRESOS | | 490.000,00 € |

10.- DESGLOSE DE ESTIMACIÓN DE GASTOS EJERCICIO 2022¹

| | |
|---|---------------------|
| ESTRUCTURA DE PERSOAL | |
| CUSTOS SALARIAIS BRUTOS | 137.555,40 € |
| CUSTOS SEGURIDADE SOCIAL FUNDACIÓN | 43.829,60 € |
| TOTAL ESTRUCTURA DE PERSOAL | 181.385,00 € |
| CONSUMO DE EXPLOTACIÓN E GASTOS DE XESTIÓN | |
| ALUGUER E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS E RELOCALIZACIÓN | 12.000,00€ |
| MATERIAL DE OFICINA | 1.050,00 € |
| INFORMÁTICA E AUDIOVISUAL | 3.000,00 € |
| CONSUMOS (MENSAXERÍA, CORREOS, ETC) | 250,00 € |
| TELEFONÍA E COMUNICACIÓNS | 1.800,00 € |
| ASESORÍA LABORAL, FISCAL E EXURÍDICA-GASTOS LEGAIS-ASISTENCIAS TÉCNICAS | 9.000,00 € |
| MUTUA ACCIDENTES – SEGUROS | 1.300,00 € |
| TOTAL CONSUMOS | 28.400,00 € |
| PUBLICIDADE E MATERIAL DE PROMOCIÓN | |
| MERCHANDISING E MATERIAL PROMOCIONAL | 5.000,00 € |
| MATERIAL AUDIOVISUAL – DESEÑO E IMAXE | 4.800,00 € |
| TOTAL PUBLICIDADE E MATERIAL DE PROMOCIÓN | 9.800,00€ |
| ACCIÓNS DE PROMOCIÓN | |
| PRODUCCIÓN, DESENVOLVEMENTO E APOIO EVENTOS | 7.400,00 € |
| ASISTENCIA A FEIRAS, EVENTOS- CONGRESOS E ACCIÓNS COMERCIAIS | 4.000,00 € |
| REALIZACIÓN DE FAMTRIP / PRESSTRIP | 3.000,00 € |
| CONVENIO CÍES 2022 | 250.000,00 € |
| PROMOCIÓN AEROPORTUARIA | 2.500,00 € |
| TOTAL ACCIÓNS PROMOCIÓN | 266.900,00 € |
| PARTICIPACIÓN EN OUTROS ENTES | |
| COTA SPAIN CONVENTION BUREAU 2022 | 3.515,00 € |
| TOTAL PARTICIPACIÓN OUTROS ENTES | 3.515,00 € |
| TOTAL GASTOS | 490.000,00 € |

Dna. María del Carmen Lago Barreiro
Presidenta Comité Executivo VCB

D. Cesar Ballesteros
Tesorero VCB

¹ Calquera modificación na distribución das partidas de gasto o longo do ano, deberá ser aprobada polo Comité Executivo da Fundación VCB.